

# 6

## Fendas no círculo de xiz

A sexta edición do CO(M)XÉNERO, organizada polo Grupo de Estudos Audiovisuais (GEA) co apoio da Oficina de Igualdade de Xénero da USC e de Xornalistas Galegas, céntrase desta volta nas posibilidades do xornalismo para transformar, desde prácticas conscientes, o discurso heteropatriarcal dos medios. O encontro presentará experiencias de introdución da perspectiva de xénero na

linguaxe xornalística canda un obradoiro de intervención nos seus contidos. Pór fin a unha dinámica discriminatoria e excluínte pasa pola necesaria construción de audiencias e colectividadeas formadas no pensamento crítico, capaces de analizar, deconstruír e mesmo comezar a revertir as representacións e estruturas sexistas presentes nos medios.

Coa fin de crebar o círculo de xiz, o seminario busca reflexionar sobre os xeitos de incorporar voces que non adoitan aparecer nos medios e introducir novos puntos de vista na información na que as mulleres son protagonistas.

## Seminario permanente de Comunicación e Xénero

# CO(M) XÉNERO

22-23-31/03/22

Facultade de Ciencias  
da Comunicación

Avenida de Castelao, s/n  
Santiago de Compostela

# 9

## 22 de marzo

16.15 h Benvida e presentación

16.30h Visionado 1  
"Xornalismo antipatriarcal en construción / Xornalismo feminista en construción"

Relator: **Xavier Giró**  
(Profesor e investigador da Universitat Autònoma de Barcelona)

17.30h Visionado 1  
«Unha experiencia de xornalismo con perspectiva de xénero»

Relatoras: **Asociación Xornalistas Galegas**

18.30h Pausa

18.45h Auditorio  
Proxección de *A poeta analfabeta*, un documental sobre Luz Fandiño, de **Sonia Méndez**. Habrá coloquio posterior coa directora e a produtora, **Nati Juncal**.

20.30 h Peche

## 23 de marzo

16.30 h Aula de Informática 1  
Obradoiro de vídeo participativo coa **Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social** (Agareso).

20.45 h Peche

## 31 de marzo

16.00h Aula 7  
**17 MICE**: Sesión con **Mariana Hristova**, comisaria da sección Impropias.

17.00 h Peche

A participación no seminario será recoñecida como actividade formativa para o estudiantado do Programa de Doutoramento en Comunicación e Información Contemporánea.

**Inscripción de balde até completar aforo en:**

[www.estudiosaudiovisuais.gal](http://www.estudiosaudiovisuais.gal)  
[comxenero@estudiosaudiovisuais.gal](mailto:comxenero@estudiosaudiovisuais.gal)

Organiza



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

Colaboran

